

O mar  
também  
é nosso



Do 28 de maio  
ao 9 de agosto de 2026

.....

Casa das Artes

CONCELLO  
DE VIGO





## O mar tamén é noso

Alicia Framis

Esta exposición é unha **visión e revisión** contemporánea, **crítica e autocrítica**, manifestamente **feminista**, da poética da «espera» e do concepto de «agarda», esa agarda que a muller tivo que portar (e soportar) con carraxe ao longo de séculos de historia. En lugares bañados polo océano Atlántico, a espera da muller atravesou mares, sendo tantas e tantas as mulleres que agardaron toda a súa vida en terra polos seus maridos embarcados ou emigrados. Diso, en Galicia, sabemos bastante. E tamén de rachar co arquetipo de muller submisa, que agarda paciente, baixo a supremacía do control masculino, vindicando agora á **Penélope** que foi dona do seu destino, ao igual que tantas mulleres que tiveron que tomar as rendas da xestión da súa vida (social, económica e familiar) en ausencia dos seus maridos, para sobrevivir. Xa o dicía a nosa gran **Xohana Torres**: «Existe a maxia e pode ser de todos (todas). Eu tamén navegar». Así, «O mar tamén é noso» é unha resposta ao patriarcado. «Sal de Ítaca, Penélope. El mar también es tuyo». Esta frase da escritora española Carmen Losa é a que a artista Alicia Framis toma para dar título a este proxecto. Pero transformando a segunda persoa do singular nun plural inclusivo que transcende a Penélope para nos abranguer a todas.

A artista catalá afincada en Ámsterdam presenta aquí unha **mostra interactiva**, que promove a **conexión das mulleres da historia de Vigo coa actualidade**, rachando co silencio e coa invisibilidade e vindicando o poder da palabra. Tras o impacto ineludible da imaxe e da mirada, a exposición transita entre o pensamento e a poesía, nesa tensión entre a palabra poética e a palabra pensante e pensada. Para esta proposta, a artista e a comisaria propoñen un **traballo de revisión** en perfecta simbiose cunha **aposta pola participación** e pola **acción performativa**.

Unha aposta por **conectar a memoria feminina coa contemporaneidade de Vigo**, a través das novas tecnoloxías, da participación cidadá e da acción performática, nun canto á sororidade. Para isto, revisamos os fondos fotográficos dun dos arquivos máis interesantes e relevantes da historia da cidade, o **Arquivo Pacheco**, recollendo as miradas das mulleres, olladas que poñemos en diálogo nesta mostra cos rostros das **mulleres da cidade actual**. Olladas profundas, olladas valentes, olladas curiosas, olladas sobrecolledoras, olladas inocentes, olladas poderosas, olladas intuitivas, olladas enérxicas, olladas diversas, olladas multiculturais. Olladas novas, olladas experimentadas. Olladas vividas, de tantas e tantas mulleres que foron (e seguen a ser) sostén da vida. Ao tempo, **a palabra e a acción performática**, pilares fundamentais que atravesan toda a traxectoria da creadora, tamén exercen o seu peso na mostra, a través da colaboración especial de **tres grandes poetas galegas** (Chus Pato, Yolanda Castaño e Silvia Penas) e da creación dunha serie de obras de gran formato onde o texto (e a voz) se volve visible literalmente, dun xeito certamente «revelador». Mais tamén é protagonista a **ausencia da palabra**: a exposición conta cunha banda sonora creada coas **mulleres da Coral Casablanca** cantando coa boca pechada, en alusión a tantas voces femininas que foron censuradas ao longo da historia.

Así, esta mostra presenta unha sorte de **homenaxe á sororidade**, sendo as mulleres de onte, hoxe e mañá as que toman o espazo expositivo, as que alzan a voz, as que rachan coa invisibilidade, as que interpelan ao público espectador, as que cuestionan, as que deciden deixar de esperar e contar en primeira persoa o (noso) relato contemporáneo.

# o mar tamén é noso

**Alicia Framis**

**Comisaria**  
Paula Cabaleiro



---

**Casa das Artes**

Rúa Policarpo Sanz, 15. Vigo.

**Do 28 de maio ao 9 de agosto de 2026**

**Luns, mércores e venres:** de 18:00 a 21:00 h

**Martes e xoves:** de 11:00 a 14:00 e de 18:00 a 21:00 h

**Sábados:** de 12:00 a 14:00 e de 18:00 a 21:00 h

**Domingos:** de 12:00 a 14:00 h



Descarga  
folleto galego



Descarga  
folleto castellano

VG

**REDE DE MUSEOS**  
**CONCELLO DE VIGO**  
Casa das Artes

**CONCELLO**  
**DE VIGO**

